

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE FEBREIRO DE 2015.

Presidente:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

Concelleiros:

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA.
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.
D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.
D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora Accidental:


D^a. MARIA DEL CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 6/2015 DE DATA 5 DE FEBREIRO DE 2015 e 7/2015 DE DATA 9 DE FEBREIRO DE 2015.

Acordouse aprobar as actas núms. 6/2015 e 7/2015, correspondentes ás sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días 5 de febreiro de 2015 e 9 de febreiro de 2015 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a construción dun muro de peche na parcela con referencia catastral 36024A061006810000AO, sita en Bailás, Goiás, Lalín e aprobar a liquidación realizada



Secretaría Xeral

pola Intervención Municipal de data 12/02/15 por importe de de 37,50 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

2.2.- Acordouse CONCEDER PRÓRROGA DA EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para reparar tellado en Prado, nº 75, Lalín.

3.- INFORME PREVIO.

3.1.- Acordouse aprobar o informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal de data 12 de febreiro de 2015, segundo petición formulada pola Consellería de Economía e Industria en relación respecto do proxecto para LMTS, CT FINCA MOURISCADÉ.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

4.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “SERVIZO DE TELEFONÍA E INTERNET, VOZ SOBRE IP E INTERCONEXIÓN DO PAZO DE LIÑARES E O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS AO CONCELLO DE LALÍN COMPLEMENTARIO AO “SERVIZO DE TELEFONÍA E INTERNET, A IMPLANTACIÓN DE VOZ SOBRE IP E A INTERCONEXIÓN DOS SEUS CENTROS DEPENDENTES (CMSS012012), LOTE 1: IMPLANTACIÓN DE VOIP, INTERCONEXIÓN DE CENTROS DEPENDENTES E SERVICIOS DE TELEFONÍA FIXA E INTERNET”, mediante procedemento negociado sen publicidade e sen concorrencia de ofertas (CSECO12015), co seguinte orzamento máximo de licitación: **Liñas Pazo de Liñares** de 87,01 euros mensuais, máis a partida de 18,27 euros correspondente ao IVE e **Liñas Servizo de Vías e Obras** de 45,01 euros mensuais máis a partida de 9,45 euros correspondente ao IVE e un prazo de execución supeditado á duración do contrato principal do cal trae causa, rematando o día 27 de novembro de 2015. Todo elo de conformidade co establecido nos artigos 169 e 174 b) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP). Así mesmo, acordouse aprobar o expediente de contratación o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e os seus anexos e incorporar os devanditos documentos ao expediente, iniciar os trámites para adxudicar o contrato e solicitarlle oferta á empresa R CABLE Y TELECOMUNICACIONES DE GALICIA S.A., por tratarse dun contrato de servizos complementario tramitado mediante procedemento negociado sen publicidade e sen concorrencia de ofertas.

4.2.- Acordouse aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de traballos da obra “L.M.T.S E C.T NÚM. 3 LALÍN DE ARRIBA (CO092014)”, redactado pola



Secretaría Xeral

empresa Manuel Meijide Otero, S.L, e nomear Director de obra a D. José Varela Calvo enxeñeiro técnico de obras públicas municipal.

5.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

5.1.- Acordouse a devolución e cancelación da fianza depositada por D. Félix Adán Fernández na Tesourería Municipal polo importe de 590 euros, como garantía para responder do servizo de mantemento das bicicletas no Concello de Lalín.

5.2.- Acordouse a devolución e cancelación da fianza depositada pola empresa SCENE BALLET, S. C. na Tesourería Municipal polo importe de 900 euros, como garantía para responder do servizo de impartición de clases de danza clásica.

5.3.- Acordouse a devolución e cancelación da fianza depositada pola empresa **Promociones Gutierrez y Pol, S.L.**, na Tesourería Municipal polo importe de **1.000 euros**, como garantía para responder da obra de demolición dun edificio de vivendas sito na Avda Bos Aires, núm. 63-65.

5.4.- Acordouse a devolución e cancelación da fianza depositada por **D^a. Beatriz Ferreiro Calvo**, na Tesourería Municipal polo importe de **1.200 euros**, como garantía para responder da obra de acondicionamento da farmacia situada na rúa Joaquín Loriga, núm. 14 (Expte. 7475/14).

5.5.- Acordouse a devolución e cancelación da fianza depositada pola empresa **Promociones Gutierrez y Pol, S.L.** na Tesourería Municipal polo importe de **6.615,79 euros**, como garantía para responder da obra de urbanización da Avda Bos Aires, núm. 63-65.

5.6.- Acordouse a devolución e cancelación do aval depositado pola empresa **Antonio Framiñán Construcciones S.L.** na Tesourería Municipal polo importe de **4.000 euros**, como garantía para responder da reparación de posibles desperfectos na vía pública de colocación de valado de obra nas rúas Joaquín Loriga, Molinera e Rosalía de Castro de Lalín.

6.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

6.1.- Acordouse aprobar a Certificación de obra núm. 2 da obra **“REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN”** presentada



Secretaría Xeral

pola entidade **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, redactada por D. J. Abel Mato Méijome Director de Execución e D. Luís Fernández Fernández, Director da Obra, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **14.587,83 €**.

6.2.- Acordouse aprobar a Certificación de obra núm. 3 da obra “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN SANTISO, ERBO, LEBOZÁN E OUTROS” (Infraestruturas municipais 2014 -PUSIM 2014), presentada pola entidade CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., redactada polo Director da Obra, José Varela Calvo, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de 71.118,88 €.

7.- FACTURAS E CONTAS.

7.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **46.207,16 €**.

8.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

8.1.- Acordouse recoñecer a obriga a favor do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular con CIF. G-36.798.510, correspondente á cota anual do exercicio 2015 por importe de 12.000 €.

8.2.- Acordouse reintegrar a **D. José Crespo Iglesias**, Alcalde do Concello de Lalín, os gastos efectivamente realizados como consecuencia do desenvolvemento das funcións representativas propias do seu cargo, por un importe total de 319,40 €, de acordo cos xustificantes achegados.

8.3.- Acordouse recoñecer a obriga por importe de 19,50 € a favor da **Mancomunidade Terras de Deza** en concepto de achega do Concello de Lalín ó custo de funcionamento da Depuradora de Losón segundo a relación de gastos que consta nesta proposta, do que este Concello asume o 50% segundo o Covenio de Cooperación asinado a tal fin.

8.4.- Acordouse aprobar as **BASES PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DA XXXª Edición de FEIRADEZA e XXº CONCURSO DE GANDO FRISÓN**, e autorizar o gasto polo importe dos premios previstos, por importe total de 6.000 €, con cargo á



Secretaría Xeral
aplicación orzamentaria 419.481.00 do Presuposto municipal vixente.

8.5.- ASUNTO: RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO EN REPRESENTACIÓN DA MERCANTIL COPCISA, S.A. CONTRA LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS, POLA CONSTRUCCIÓN DE NAVE DESTINADA A VIVEIRO DE EMPRESAS EN LALÍN.

Acordouse estimar o recurso de reposición formulado D. Javier Sal Pérez, actuando en representación da mercantil **COPCISA, S.A.**, anulando a liquidación practicada en concepto de liquidación provisional do ICIO correspondente ó expediente 7571/14 de construción de Nave destinada a Viveiro de Empresas, sita no Polígono Industrial Lalín 2000, debendo emitirse unha nova liquidación na que se aplique como base imponible do imposto o importe do Presuposto de Execución Material no que se adxudicou a obra por parte da Deputación Provincial (393.059,40 €), tendo en conta a porcentaxe de baixa na adxudicación da mesma. Tendo en conta que no mesmo escrito polo que se interpón o recurso de reposición sobre a liquidación se suscita outra cuestión, a solicitude de bonificación do 95% da cota tributaria do ICIO por tratarse dunha obra de especial interese ou utilidade municipal, sendo competencia do Pleno da Corporación a declaración da existencia de tal interese e, en consecuencia a aplicación da bonificación contemplada na normativa de aplicación, a liquidación practicarase unha vez adoptado polo Pleno do Concello o acordo relativo a esta última cuestión.

8.6.- Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia, correspondente ao mes de **XANEIRO de 2015 e recoñecer dereitos polo importe de 4.852,06 € con cargo ó concepto 341.00** do Presuposto Municipal vixente. Así mesmo, acordouse aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade Dependencia, prestado durante o mes de XANEIRO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 23.894,96 € .

8.7.- Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenca, correspondente ao mes de **XANEIRO de 2015 e recoñecer dereitos polo importe de 487,76 € con cargo ó concepto 341.00** do Presuposto Municipal vixente. Así mesmo, acordouse aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenca, prestado durante o



Secretaría Xeral

mes de XANEIRO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 4.091 €.

8.8.- Acordouse a anulación da liquidación aprobada por acordo da Xunta de Goberno en sesión do 24 de marzo de 2014, en concepto de liquidación provisional do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) por importe de 2.159,62 €, relativo ás obras de canalización dunha liña de Media Tensión desde a rúa da Ponte ao lado da rúa 20, xirando a dereita pola rúa Trigueiriza para abastecer ao transformador dentro do Sector S.R.D. Trigueiriza, por non terse devengado o imposto, xa que a obra non se realizou segundo consta no expediente.

8.9.- Acordouse varias **ALTA no Servizo de Axuda no Fogar modalidade libre concorrencia.**

8.10.- Acordouse aprobar a concesión de axudas de inclusión social para sufragar gastos de aloxamento, polos importes de 220,00 € e 300 €, a aboar aos propietarios das vivendas.

8.11.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social, con pagamento en efectivo, para sufragar gastos de primeira necesidade, por importe de 35,00 € .


8.12.- Acordouse a **AMPLIACIÓN no SAF** para persoas en situación de dependencia para varias persoas usuarias por agravamento de saúde.

8.13.- Acordouse a **BAIXA no SAF** para varias persoas en situación de dependencia.

8.14.- Acordouse a **BAIXA no Servizo de Axuda no Fogar modalidade libre concorrencia, por ingreso en Centro Residencial.**

8.15.- Acordouse aprobar as bases de selección de persoal laboral temporal para a contratación de 34 traballadores/as dentro do Plan de Conservación e Funcionamento de bens e servizos municipais 2015, publicadas no BOPPO nº 1, do 2 de xaneiro de 2015

8.16.- Acordouse acollerse á Orde do 31 de decembro de 2014, da Consellería de Economía e Industria para a mellora de mercados municipais e prazas de abastos, solicitar unha subvención de 18.130,23 € para o desenvolvemento da obra “Instalación de porta cortaventos na Praza de Abastos de Lalín”, por un importe de 24.100,33 € e para o



Secretaría Xeral
desenvolvemento dun ciclo de xornadas/obradoiros de “visual merchandising”, por importe de 1.800 €, e comprometerse ao cumprimento das obrigas e compromisos que figuren en dita disposición, no suposto de obter a subvención solicitada.

8.17.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 90,02 €/ mensuais, máis a partida de 18,90 € correspondente ao IVE, con destino á contratación de dúas liñas ADSL, para o Concello de Lalín e o Lalín Arena, e contratar con **R CABLE Y TELECOMUNICACIONES DE GALICIA, S.A.** dúas liñas telefónicas independentes coas correspondentes ADSL vinculadas, para poder da o servizo de Internet inalámbrico no Concello de Lalín e no Lalín Arena, con arranxo ao orzamento remitido pola citada empresa, por importe total de 108,92 € mensuais (IVE incluído) e un prazo de execución dun ano.

8.18.- Acordouse declarar a utilidade pública das obras denominadas “REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN”, tendo en conta a propia natureza de ben de servizo público do edificio (artigo 108.2 da Lei de 16 de decembro de Expropiación Forzosa, en diante LEF) e declarar a necesidade de ocupar temporalmente, por un prazo de 2 meses unha franxa de terreo, cunha anchura de tres (3) metros, do terreo colindante coa fachada norte da antiga casa consistorial e acceso público á mesma así como outra franxa dun (1) metro de anchura colindante coa fachada oeste da mesma, comunicarlle este acordo aos interesados para que poidan alegar o que estimen oportuno no prazo de 10 días hábiles, facéndolle saber que o acordo da ocupación temporal será executivo, sen prexuízo dos procedementos posteriores para determinar o xusto prezo, todo elo de conformidade co establecido no artigo 111 da LEF. De conformidade co establecido no informe elaborado polo Asesor Urbanístico Municipal, de data 26 de xaneiro de 2015, o importe da indemnización é de 0,85€/m² que se poñen a disposición dos afectados, sempre que acrediten fehacemente a propiedade dos terreos afectados.

8.19.- Acordouse acollerse á ORDE do 28 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2015 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013 e solicitar a cesión dos seguintes equipos de emerxencia, pola orde de preferencia que se indica:

- 1º. Un vehículo todoterreo tipo *pick up* (Liña 1).
- 2º. Un remolque (Liña 3).
- 3º. Un espaxedor de sal adaptado a remolques ou vehículos todoterreos (Liña 5).



Así mesmo, acordouse comprometerse a asumir todas as obrigas e compromisos que figuran recollidos en dita Orde.

9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

9.1.- Acordouse conceder a tarxeta de acceso a residentes a D. Manuel Mouriño Faílde, para a rúa Colón.


=====

L

K

M

O



Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

L

K

M

O